



CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

BANDO DA ALCALDÍA SOBRE CORONAVIRUS

Con motivo da pandemia do Coronavirus, dende o Concello de Bueu faise un chamamento á cidadanía para que se actúe con sentido de responsabilidade, **cumprindo coas recomendacións e cautelas establecidas polas autoridades sanitarias**. A continuación transcríbese un documento da Consellería de Sanidade que recolle as indicacións sobre como debemos actuar.

Así mesmo, e como medida de contención, o Concello decide **cancelar ata novo aviso todos os actos públicos, reunións, e demais actividades que poidan ser susceptibles de contar con grupos de persoas numerosos**.

Con todo, apelamos á tranquilidade da cidadanía, pois trátase de medidas preventivas e necesarias.

Que debes saber do novo Coronavirus?

Os Coronavirus son virus que circulan entre os animais mais algún deles tamén poden afectar aos humanos

O novo Coronavirus identificouse en China a finais de 2019 e é una nova cepa que non se vira antes nos seres humanos

Os **síntoma**S máis comúns da enfermidade polo Coronavirus (COVID-19) son:

- FEBRE
- TOSE
- SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE

TELÉFONO DE INFORMACIÓN PARA CIDADÁNS

900 400 116

Medidas para protexernos do coronavirus

Lavar as mans frecuentemente	Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca
Ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.	Con síntomas respiratorios evitar o contacto próximo con outras persoas

AO CHEGAR OU EN CONTACTO CUNHA PERSOA QUE VEÑA DUNHA VIAXE A UN ÁREA DE RISCO

+ SÍNTOMAS

Non acudir directamente ao hospital ou Centro de Saúde senón CONTACTAR TELEFONICAMENTE co 061

